DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1041

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28152,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego en relación co acordo acadado entre o Goberno de España e o Goberno de Euscadi para que determinadas cuestións relevantes que figuran na LOMCE non sexan aplicables no País Vasco ou que o sexan de maneira parcial"**, (publicada no BOPG número 358 do 16 de outubro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"A información que se demanda foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á iniciativa con número 34697 e debatida no Pleno da Cámara galega os dias 5-6 de maio de 2015; á que nos remitimos.

Nesa resposta quedou de manifesto o respecto institucional da Xunta ao devandito acordo e foi explicado que o mesmo susténtase nunha resolución que recolle a interpretación do recollido na propia LOMCE.

Tamén se indicou que o Goberno galego defendeu os intereses da Comunidade Autónoma e do ensino galego a través de achegas e demandas formuladas nas Conferencias Sectoriais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 MAI. 2015
Núm. 37405

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1078

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25073,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **"o peche do centro de saúde de Beiramar en Vigo"**, (publicada no BOPG número 326 do 13 de agosto de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"O pasado 8 de setembro produciuse o traslado definitivo, por fases (pediatría, odontoloxía e o resto). Non está a ter repercusión sobre os pacientes da zona de Bouzas por:

- Só o 13% das TIS de Bouzas son atendidas no CS de Beiramar.
- Hai dous centros de saúde máis cercanos para a poboación de Bouzas (Coia, Navia) que o CS de Beiramar.
- A diferenza en tempos de desprazamento entre Bouzas-Beiramar e Bouzas- Rosalía é de 4 minutos.

Motivos do traslado:

Trátase dun traslado de edificio, dun troco de emprazamento, que non conleva ningún outro tipo de cambio -nin para os usuarios nin para o persoal- na prestación da asistencia, nin na carteira de servizos ofertada, nin nas referencias hospitalarias.

Este centro está ubicado na Casa do Mar de Vigo, un edificio dependente do ISM (Instituto Social de la Marina), construído hai varias décadas, necesitado na zona do centro de saúde dunha importante obra de reparación a curto pazo.

A posta en marcha da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo en 2013 conlevou unha reestruturación e unha serie de traslados do persoal administrativo ubicado en Rosalía de Castro. Tras esta reubicación de persoal, quedaron liberadas dúas plantas completas dese edificio. A dispoñibilidade deste espazo motivou que a Xerencia de Xestión Integrada de Vigo realizase un estudo sobre a viabilidade de reubicar o servizo de Atención Primaria de Beiramar nese centro, no que valorouse tanto a idoneidade do edificio como o criterio de eficiencia na xestión dos recursos.

No referido á infraestrutura, as vantaxes que ofrece Rosalía de Castro son evidentes: trátase dun inmoble propio do Servizo Galego de Saúde, emprazado nunha rúa céntrica da cidade, cunhas modernas instalacións e con boas liñas de comunicación de transporte urbano."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 MAI. 2015
Núm. 37411

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1084

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25380,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Santalices Vieira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os criterios que se tiveron en conta para a localización do Laboratorio Central (excepto Urxencias) no Hospital do Meixoeiro de Vigo"**, (publicada no BOPG número 326 do 13 de agosto de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"O SERGAS garante a calidade e seguridade para os pacientes das probas e analíticas independentemente da ubicación dos laboratorios. Na planificación funcional da área de Vigo contémplase a dotación de dous laboratorios. O de rutina emprazarase no Hospital Meixoeiro mentres que o Novo Hospital de Vigo contará cun laboratorio de Urxencias. Esta decisión adoptouse en base aos seguintes criterios:

1. Hoxe en día, os avances tecnolóxicos permiten dispoñer de laboratorios absolutamente deslocalizados. O emprazamento dos laboratorios non necesariamente aporta ningún valor engadido nin para os profesionais nin para os pacientes.

2. O sangue se transporta en condicións absolutas de seguridade, como xa se ven realizando no momento actual (todas as analíticas dos centros de saúde se procesan nos laboratorios dos Hospitais), e os sistemas de información permiten obter e enviar os resultados de xeito inmediato.

2. O laboratorio actual do Meixoeiro conta cunhas modernas instalacións. En concreto, o Laboratorio de Microbioloxía ven de experimentar, hai pouco máis dous anos, unha importante mellora e renovación.

3. Ademais, o Meixoeiro disporá dun espazo arquitectónico idóneo para dotalo cun Laboratorio Core.

As Urxencias de todo o Complexo vigués vanse centralizar no Novo Hospital de Vigo, polo que a área do Meixoeiro que na actualidade acolle ao servizo de Urxencias quedará liberada. Esta zona, contigua ao Laboratorio, reúne as condicións óptimas para albergar un Laboratorio CORE.

O CORE consta dun equipamento tecnolóxico que permite que se poda procesar todo tipo de mostras nunha sola cadea analítica; isto é, unha mesma e única máquina realiza todas as determinacións necesarias, o que conleva un incremento dos niveis de calidade e seguridade das mostras e unha diminución de custes.

4. O dimensionamento e a modernización tecnolóxica do laboratorio do Meixoeiro permitirá centralizar probas analíticas de alto nivel técnico de todo o Sur de Galicia.

5. No NHV, no que se emprazará un laboratorio de Urxencias, se procesarán todas aquelas probas que necesiten un tempo de resposta inmediata.

En conclusión:

- O laboratorio do Novo Hospital de Vigo poderá realizar todas as probas de laboratorio que necesiten os pacientes que acudan ao novo hospital e que se precisen de forma inmediata. Ningunha mostra que se precise do seu resultado ao longo do turno no que se prescribe a proba sairá do hospital.
- O Hospital do Meixoeiro seguirá a ter unha importante actividade asistencial e no seu laboratorio. Ademais das probas urxentes que se xeran no propio centro, se procesarán as probas de Atención Primaria, que son as que supoñen o maior número de mostras.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

- A innovación tecnolóxica e organizativa deste novo escenario suporá uns custes un 25% inferiores aos actuais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 MAI. 2015
Núm. 37412

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1085

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25383,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Santalices Vieira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o proxecto de reforma e reparación da cuberta exterior do Hospital do Meixoeiro de Vigo"**, (publicada no BOPG número 326 do 13 de agosto de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"Nas reformas das fachadas realizáronse actuacións tendentes a subsanar deficiencias estruturais e evitar a entrada de augas e humidades. Neste senso reformouse a fachada Sur do edificio, a fachada do bloque cirúrxico e o lucernario da entrada principal do Hospital. Ademais realizouse tamén unha actuación no noiro do entorno do hospital.

O estado é o seguinte:

- Reparación da fachada sur do edificio 1 (hospitalización ), hospital Meixoeiro de Vigo: Adxudicado por Resolución da Xerencia de Xestión Integrada de Vigo o 21 de xullo de 2014, a Desarrolla Obras y Servicios, S.L, nun importe de 192.859,36 euros (IVE engadido) e un prazo de execución de 3 meses. Xa rematado.

- Reparación da fachada do edificio nº 2 (fachada e cuberta), Hospital Meixoeiro de Vigo: proxecto supervisado o 2 de outubro, cun importe previsto de obra de 186.408,23 euros (IVE engadido) e un prazo previsto

de execución de 3 meses. Inicio de obra en novembro de 2014. Xa rematada."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 MAI. 2015
Núm. 37413

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1086

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25385,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Santalices Vieira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os motivos da concesión do Premio Innovación á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia"**, (publicada no BOPG número 326 do 13 de agosto de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"A conselleira de Sanidade recolleu o pasado 1 de xullo de 2014, en Valladolid, o Premio Nacional de Innovación e Deseño 2013, en nome do Servizo Galego de Saúde, na modalidade de Compra Pública Innovadora (CPI). Este galardón, que concede o Ministerio de Economía e Competitividade e entregan os Reis de España, distingue a aquelas entidades públicas que destaquen, de maneira especial, na aplicación e desenvolvemento da contratación de compra pública innovadora.

O 14 de maio dese mesmo ano, a Secretaría Xeral de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, publicou a concesión dos Premios Nacionais de Innovación e de Deseño da edición 2013 en todas as modalidades convocadas. Este premio valora as actuacións realizadas que contribúan á innovación orientada a potenciar o desenvolvemento de novos mercados innovadores dende o lado da demanda a través da contratación pública.

Esta modalidade de contratación, que o Sergas fai no eido dos proxectos Hospital 2050 e Innova Saúde, é unha ferramenta que ten como obxectivo dinamizar a innovación e a internacionalizacón mediante a articulación e o fortalecemento da demanda tecnolóxica.

Estes dous plans de innovación sanitaria contan cun investimento de 45 millóns de euros cada un, durante os anos 2012-2015, cofinanciado polos Fondos Feder, dentro do Programa Operativo de I+D+i por e para o beneficio das empresas, Fondo Tecnolóxico 2007-2013.

A misión destes plans é crear o modelo do futuro da sanidade pública galega, e que se converta nunha referencia a nivel nacional e internacional.

A iniciativa InnovaSaúde, conta con 14 subproxectos para innovación en prestación de servizos asistenciais, e é tamén un elemento dinamizador da economía Galega no entorno da tecnoloxía. Esta iniciativa ten aplicada a contratación baixo a modalidade de CPI en 21 contratos por un importe de 18,8 millóns de euros.

Doutra banda, o proxecto Hospital 2050, está composto de 9 subproxectos e engloba o deseño e planificación de varias iniciativas encamiñadas a desenvolver un hospital do futuro, eficiente, seguro, respectuoso co medio ambiente. No marco deste proxecto empregouse a compra pública innovadora en 12 contratos por importe de 10,9 millóns de euros.

Este tipo de contratación facilita a innovación sanitaria e a xeración de novos bens e servizos, que permitirán que o sector empresarial adquira maior competitividade a nivel internacional, xerando mercados estratéxicos innovadores para Galicia.

O Sergas, concibiu estes proxectos como un elemento de cambio cultural e de relación co entorno, no que se intentou dende o primeiro momento involucrar ao maior número de profesionais da organización, a través dun modelo de xestión que promove o traballo en equipo e a innovación aberta.

Neste senso, na actualidade están a participar en ambas iniciativas máis de 200 profesionais do Sergas, o que demostra que esta é unha organización con gran capacidade de innovación e compromiso coa sociedade.

Asemade, o Sergas definiu dentro destes proxectos unha convocatoria aberta de propostas de solucións innovadoras pioneira. Trátase dun novo modelo de relación co mercado –diálogo técnico- no que busca, de forma transparente, a participación de todo tipo de entidades e persoas físicas ou xurídicas, que teñan a vontade de colaboración co Sergas para a identificación de propostas innovadoras que contribuirán ao proceso de desenvolvemento e execución dos subproxectos incluídos dentro de Innova Saúde e Hospital 2050.

Dende o seu lanzamento, en abril de 2012, recibíronse máis de 300 propostas de solución s innovadoras e participaron máis de 100 empresas e centros de investigación.

O seguinte paso foi a publicación de fichas de avance dos subproxectos e un Mapa de Demanda Tempera, como instrumento novedoso que permitiu anticipar ao mercado as necesidades da administración e, polo tanto, facilitar información as empresas para que orientasen as súas iniciativas en I+D+i cara as futuras licitacións.

Cómpre destacar que no 73% das adxudicacións participan empresas galegas e que, ademais, no 80% está presente unha Peme.

A conselleira de Sanidade agradece a todos os profesionais involucrados da Xunta de Galicia e do Sergas que, co seu traballo, fixeron posible gañar este premio. Neste senso, hai que salientar a figura do persoal sanitario e daqueles que traballan nas unidades de contratación, tecnoloxía e asesoría xurídica, entre outros; así como ás persoas de institucións, empresas, universidades, centros tecnolóxicos, e ao Ministerio de Economía e Competitividade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 MAI. 2015
Núm. 37407

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1080

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25387,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Santalices Vieira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a tramitación do Decreto de libre elección"**, (publicada no BOPG número 326 do 13 de agosto de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"No Consello da Xunta de data 26 de marzo de 2015 aprobouse o texto do decreto polo que se regula a libre elección de médico de familia, pediatra e persoal de enfermería, no ámbito de atención primaria, e de centro hospitalario no sistema público de saúde de Galicia. Publicouse no Diario Oficial de Galicia do luns 20 de abril de 2015, e entrará en vigor, con respecto do exercicio de libre elección de persoal médico de familia e pediatra de atención primaria, o día seguinte ao da publicación desde decreto no Diario Oficial de Galicia, e para a libre elección de profesional de enfermaría de atención primaria e de centro ou complexo hospitalario para un proceso novo, terá lugar aos catro e seis meses, respectivamente, da súa publicación.

Este é un dos decretos que conforma o desenvolvemento normativo da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias xunto co Decreto que regula o dereito ao exercicio da segunda opinión médica e o funcionamento do Rexistro Galego de Instrucións previas sobre os coidados e tratamento de saúde.

Por primeira vez, se establece un sistema no que o paciente ten a facultade de elixir, no exercicio da súa autonomía de decisión, os profesionais sanitarios que atenderán a súa saúde e o hospital no que desexa ser atendido do seu problema de saúde.

A atención sanitaria deixa de estar vinculada ao domicilio pasando a ser decidida polos pacientes, segundo ás súas preferencias, quedando sempre a salvo os criterios de planificación sanitaria e de dispoñibilidade dos profesionais, para que a elección sexa factible e eficaz.

Así, tanto para a atención polos profesionais como para a elección do hospital, establécese o procedemento para a solicitude, tramitación e resolución, que se desenvolverá na respectiva xerencia de xestión integrada.

Este proxecto está enmarcado na Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, que sinala que facer efectiva a libre elección vai a contribuír á mellora do Sistema Público de Saúde de Galicia, impulsando e garantindo a equidade en saúde e a igualdade de trato, así como, unha mellor identificación do cidadán co propio sistema sanitario."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

AG/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 MAI. 2015
Núm. 27402

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1075

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27627,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os coidados que se lles están a prestar nos colexios públicos aos menores diagnosticados con diabetes tipo I, as actuacións e o prazo previsto polo Goberno galego para posibilitar a escolarización dun alumno que padece esa enfermidade nun centro escolar de Cambre e os datos referidos ao alumnado existente en Galicia con ese problema"**, (publicada no BOPG número 350 do 2 de outubro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"O dereito á protección da saúde e á atención sanitaria con cargo a fondos públicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia garánteselle a todas as persoas nas condicións establecidas na normativa en vigor, e nomeadamente na Lei 8/2008 de saúde de Galicia, na que no seu artigo 14, relativo a dereitos relacionados con grupos especiais (entre os que cita explícitamente aos menores), recóllese o dereito a actuacións e/ou programas sanitarios específicos e preferentes que se executarán a través dos centros, servizos e establecementos do Sistema Público de Saúde de Galicia.

É un área onde o Servizo galego de Saúde tenta ser especialmente coidadoso, ao constituíren os destinatarios destes coidados o futuro de Galicia. Dende o programa do neno san, pasando polos programas de cribado neonatais de metabolopatías ou de xordeira, ou os programas de inmunización recollidos no calendario vacinal, ata o plan xermola de abordaxe intersectorial e interdisciplinar da epidemia do sobrepeso e a obesidade infantil, o programa de abordaxe da problemática das infeccións de transmisión

sexual na adolescencia, facendo escala nos plans de humanización hospitalarios das áreas pediátricas, favorecendo o contacto pel con pel nas unidades neonatais, ou establecendo un sistema para que os nenos e nenas poidan estar acompañados as 24 horas, as actividades de fomento da lactación materna, a atención temperá, o plan 'dor infantil zero', a consulta telefónica en pediatría de atención primaria, etc, etc, etc, ten vostede un sinfín de accións, programas e plans dirixidos a protexer e promover a saúde, previr e tratar a enfermidade e en todos os casos coidar e atender da mellor maneira que podemos e sabemos á nosa infancia.

E esa atención, ese coidado, concrétanse tamén no caso e na situación específica das cativas e cativos en idade escolar, como o caso obxecto da súa pregunta. A colaboración directa entre as Consellerías de Sanidade e de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria ven permitindo garantir a continuidade formativa dos nenos ingresados nos nosos centros hospitalarios a través de profesionais e recursos específicos. A atención que se presta nestes ámbitos é altamente personalizada e coordinada co ámbito educativo de procedencia do menor en cuestión.

Froito tamén desta colaboración é o recentemente presentado Protocolo de consenso sobre o Trastorno por déficit de Atención e Hiperactividade na infancia e na adolescencia no ámbito educativo e sanitario; documento que constitúe unha referencia á hora de abordar integralmente este problema de saúde.

E como non: o programa Alerta Escolar. Se hai un programa ben coñecido na comunidade educativa en relación coa saúde, ese é o alerta escolar, coordinado polo 061. Un programa pioneiro no Estado e cunha traxectoria e resultados que avalan xa o seu éxito.

Alerta Escolar nace para facilitar a atención inmediata, segura e efectiva dos nenos e das nenas escolarizados entre 3 e 16 anos que teñen unha patoloxía crónica e que poden desenvolver en calquera momento unha crise ou reagudización. Estamos a falar de patoloxías tales como as crises alérxicas, por exposición a alérxenos alimentarios especialmente, a crises comiciais (epilepsias nas súas diferentes formas), ou tamén crises diabéticas, en xeral hipoglicemias.

Para incluír a un neno ou nena no programa requírese exclusivamente a identificación previa do problema, a existencia dun informe médico asinado polo profesional responsable

e que os pais ou titores presenten o informe no centro escolar e outorguen o seu consentimento para que o cativo sexa incluído no mesmo.

Para información adicional, pódese acceder á páxina web do 061 onde está dispoñible documentación complementaria do programa. En calquera caso traio comigo un par de folletos para que poida coñecer a información que facilitamos ás familias e aos profesionais do ensino.

Tras varios anos de funcionamento, o programa ten acadado xa un nivel de coñecemento entre a comunidade educativa que nos fai medrar, ano a ano, no número de casos incluídos no rexistro.

O procedemento do programa é moi sinxelo. Os datos clínicos coñecidos e relevantes para esta potencial necesidade de atención urxente son incorporados ás bases de información do 061, onde tamén dispoñen da historia clínica electrónica dos nenos e do seu perfil farmacoterapéutico. De producirse un evento, dende o centro escolar tan só deben contactar directamente co 061, facilitar a identificación do neno ou nena, indicar o seu estado, e é o persoal médico do 061 o que realiza as indicacións oportunas para esta primeira atención ao tempo que decide sobre a mobilización ou non dos recursos asistenciais necesarios en cada caso.

O número de nenos e nenas rexistrados a data 31 de decembro de 2013 eran 2238. 2238 cativas e cativos nos que cunha soa chamada, e co coñecemento previo da súa patoloxía, podemos facer unha abordaxe precoz, efectiva e segura da crise que se poida presentar. Nese ano 2013 o número total de procesos asistenciais rexistrados foi de 497, dos cales 314 se resolveron sen mobilización de recurso e 183 (o 36.8%) con mobilización de recurso, sendo preciso o traslado ao hospital en 118 casos (o 23.7% dos mesmos).

Un dos valores do programa consiste en que o profesorado, ao alertar á central de coordinación do 061 por calquera problema sanitario dun caso rexistrado no programa, e se o médico coordinador indica a administración da oportuna medicación, está completamente exento da responsabilidade legal na que poidese incurrirse.

Certo é que constitúe unha responsabilidade da Administración facilitar a información pertinente para que todo nena ou neno con risco potencial estea axeitadamente rexistrado. No ámbito concreto de competencia do Servizo Galego de Saúde, dende a Dirección de Asistencia Sanitaria, con data 16 de setembro de 2014, e aproveitando o inicio do curso escolar, momento idóneo para lembrar a existencia e utilidade do programa, diriximonos á Sociedade Galega de Pediatría con esa finalidade, ao tempo que tamén nos diriximos ás Xerencias de Xestión Integrada para que transmitisen idéntica información a todos os pediatras tanto de primaria como de hospitalaria. Idéntica política se sigue dende a Consellería de Educación e dende os centros educativos.

O Servizo Galego de Saúde no seu conxunto, e especificamente o 061 a través do programa alerta escolar, en íntima colaboración coa Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, están a prestar o soporte asistencial necesario e suficiente para que a totalidade das eventualidades que se poidan producir no ámbito escolar se poidan resolver con garantías, ben directamente, ou ben desprazando os recursos necesarios.

Son cada vez máis os pais e nais que coñecen e valoran o Alerta Escolar na medida en que lles aporta a tranquilidade de saber que os datos clínicos e terapéuticos máis importantes do seu fillo ou filla están automaticamente accesibles para os profesionais sanitarios do 061, e na certidume de que esa facilidade no acceso permite unha atención áxil e correcta cando é necesaria. E son moitos os mestres e mestras que manexan situacións puntuais coma as descritas con maior tranquilidade ao saber que as súas accións están dirixidas por profesionais sanitarios expertos e coñecedores das necesidades específicas en cada caso.

A protección da saúde da poboación é unha obriga e un compromiso que van moito máis alá do ámbito sanitario. Está presente en todas as políticas, e se nalgún tramo etario somos especialmente coidadosos, ese é o que abrangue a nenos e nenas.

Ademais, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como complemento de información facilitada pola Consellería de Sanidade, engade:

Que este asunto xa foi respondido no Parlamento de Galicia,a través da pregunta con resposta escrita número 27628 e publicada no BOPG número 406, do 26 de xaneiro de 2015.

A modo de actualización desa información, cabe sinalar que, no caso concreto ao que alude a iniciativa, a familia do alumno, finalmente, solicitou que o mesmo recibise atención educativa domiciliaria."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

AG/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 MAI. 2015
Núm. 37406

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1079

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29159,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do uso das instalacións do antigo Hospital de Lugo, as razóns da demora na instalación do punto de atención continuada e do centro de saúde comprometidos no antigo hospital materno-infantil e a solicitude á Tesouraría do Instituto Nacional da Seguridade Social da cesión da propiedade das parcelas e edificios do antigo hospital"**, (publicada no BOPG número 366 do 31 de outubro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"Antes da posta en funcionamento do Hospital Lucus Augusti, en xaneiro de 2011, a área de Lugo contaba con varios edificios nos que se desenvolvía a actividade asistencial especializada, construídos hai varias décadas.

Son, por tanto, edificios vellos e deteriorados. O seu nivel de obsolescencia e de deterioro veuse agravado aínda máis polo retraso na posta en funcionamento do novo hospital, polo que as súas instalacións precisaban dun estudio que valorara as súas condicións estruturais.

O Hospital Calde e o Centro de Especialidades, foron construídos en 1960. Na mesma parcela, propiedade da Tesorería da Seguridade Social, atópanse dous edificios perfectamente diferenciados:

- Hospital Materno Infantil, construído en 1957
- Hospital Xeral, construído en 1972.

E outros 3 edificios anexos complementarios da actividade principal: o edificio administrativo, a lavanderia e a central eléctrica

O Hospital Xeral é o de unión entre este e o Materno. A pesar de ser o máis recente, presenta, desde o punto de vista arquitectónico, graves problemas de estrutura, que desaconsellan o seu uso. Neste senso, convén precisar que, ao atoparse adxacentes, afectan a utilización do propio Materno, o non ser esta prudente sen proceder o derribo dos dous primeiros.

O Servizo Galego de Saúde fixo un estudo para coñecer a situación da parcela e dos edificios. Nesta análise urbanística, observouse que o concello reduciu no seu Plan Xeral a edificabilidade da parcela, de forma que a existente supera a máxima permitida no planeamento aprobado polo concello. Isto obriga á reducir a edificabilidade para adaptalo ao Plan Xeral aprobado polo goberno municipal .

De todos os edificios que conformaban o antigo Hospital- Xeral Calde, o Servizo Galego de Saúde, conserva o centro de especialidades de praza de Ferrol para actividades sanitarias, fundamentalmente de atención primaria, recupera o Hospital de Calde, para acoller os pacientes do Hospital de San Rafael de Castro de Rei e o edificio Administrativo onde antes se situara a Escola Universitaria de Enfermería, para acoller o Hopital de día de Psiquiatría e varias unidades de saúde mental que antes se ubicaban no Hospital de San José e no Centro de Especialidades da Praza de Ferrol.

Polo que respecta ao resto dos edificios, estase a tramitar a súa retrocesión á Tesorería Xeral da Seguridade Social, trámite imprescidible para realizar calquera actuación neles.

Por outra banda, o Laboratorio central de Saúde Pública, tras a reorganización realizada nos 4 existentes e a centralización en Lugo, ubicouse no edificio da delegación de Lugo. Unha vez implantada a xestión integrada e coa unificación dos profesionais de administración e xestión de atención primaria e especializada comprobouse que os espazos eran suficiente e que a obra era menos costosa e, en definitiva, máis eficiente. Espazos que con outra solución tamen quedarian sen utilidade.

Por outra banda, o desdoblamento do Centro de Saúde da Milagrosa está en estudio de viabilidade económica, así como desde o punto de vista de necesidades asistenciais, garantizando en todo caso que o barrio de A Milagrosa seguirá a ter o seu Centro de Saúde.

Convén sinalar, neste sentido, que no centro da Praza de Ferrol xa se reubicaron unidades antes dispersas por Lugo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 MAI. 2015
Núm. 37399

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1072

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32810,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto do acordo acadado entre o Goberno central e Goberno de Euskadi en relación coa aplicación no País Vasco de determinadas cuestións recollidas na Lei orgánica para a mellora da calidade educativa, e as previsións de demanda dun tratamento análogo para Galicia"**, (publicada no BOPG número 415 do 12 de febreiro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"A información que se demanda foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á iniciativa con número 34697 e debatida no Pleno da Cámara galega os dias 5-6 de maio de 2015; á que nos remitimos.

Nesa resposta quedou de manifesto o respecto institucional da Xunta ao devandito acordo e foi explicado que o mesmo susténtase nunha resolución que recolle a interpretación do recollido na propia LOMCE.

Tamén se indicou que o Goberno galego defendeu os intereses da Comunidade Autónoma e do ensino galego a través de achegas e demandas formuladas nas Conferencias Sectoriais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 MAI. 2015
Núm. 37403

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1076

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33018,** formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **"o convenio asinado pola Autoridade Portuaria da Coruña coa empresa Repsol para o traslado de parte das súas instalacións industriais radicadas no porto interior e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ao respecto"**, (publicada no BOPG número 415 do 12 de febreiro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"A información que demandaba esta iniciativa foi ofrecida polo presidente do Ente Público de Portos de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión nº 33019, incluída na sesión da Comisión 8ª celebrada o 7 de abril de 2015 e, formulada pola mesma deputada e sobre o mesmo tema.

A Xunta ten coñecemento da acta do Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña celebrado o 2 de agosto, dado que conta con representantes no Consello da Administración da Autoridade Portuaria da Coruña. A acta reflicte os termos do acordo acadado entre a Autoridade Portuaria e Repsol.

O Goberno galego considera que o acordo é moi positivo para os cidadáns da Coruña, toda vez que fixa a data a partir da cal os buques petroleiros deixarán de entrar no porto urbano e comezarán a atracar en Punta Langosteira, sendo tamén o primeiro paso para a eliminación do poliduto que percorre varios barrios da Coruña.

Así mesmo, cómpre sinalar que a contraprestación económica que recibirá Repsol por abandonar parte das súas instalacións no porto interior, antes da caducidade da concesión, é moi inferior as pretensións iniciais da empresa.

A vontade da Autoridade Portuaria da Coruña e da Xunta é que o traslado completo da terminal petroleira a Punta Langosteira teña lugar con anterioridade ao ano 2027, que é cando vence a concesión de Repsol no porto interior."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 MAI. 2015
Núm. 37394

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1067

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34379,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar as reiteradas inundacións que padece nas súas propiedades a veciñanza de Trabanca Sardiñeira, en especial no lugar do Loureiro, desde a construción da denominada variante norte de Vilagarcía de Arousa"**, (publicada no BOPG número 430 do 12 de marzo de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"A principios do mes de febreiro de 2015 o técnico municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa púxose en contacto con Augas de Galicia para informar de que varios veciños da zona sufrían deterioros por mor de inundacións nas súas propiedades.

Durante as obras de execución da Variante de Vilagarcía (VG-4.7) construíuse a Obra de Drenaxe Transversal (ODT 0.8) no p.k. 0+734 para a reposición da canle natural existente mediante un tubo de formigón armado de 1800 mm de diámetro.

Así mesmo, en atención ás solicitudes dos veciños, executouse un muro de 30 cm de altura co fin de encauzar parte da auga que discorre por esta obra de drenaxe transversal cara o canal de rego, sen que afecte ao funcionamento desta en caso de necesidade de desaugar caudais superiores.

En datas posteriores á conclusión da Variante de Vilagarcía, realizouse por parte de terceiros unha ampliación do pequeno murete, de maneira que toda a auga baixa polo canal de rego. Esta situación orixinou unha denuncia por parte de varios veciños e a posterior demolición da ampliación do murete, restituíndose a situación inicial, de xeito que ao superarse determinado caudal a auga rebasara o murete e seguira a canle orixinal.

En xuño de 2011 detectouse que as varias construcións existentes e accesos a varios predios modificaron a canle orixinal, xa que por un lado discorre un camiño polo que se accede ás propiedades e polo que non existe ningún tipo de cuneta ou forma de recollida de augas e polo outro lado, cruzando un predio, discorre o pequeno regato que serve de canal de rego en parte

do seu percorrido, que se entubou por debaixo dun garaxe e o acceso a unha casa e se conectou á rede pública.

En diversas visitas realizadas á zona polo técnico da asistencia á dirección da obra da Variante de Vilagarcía, observouse que se realizaron modificacións á saída da obra de drenaxe transversal por parte de terceiros e alleas á construción da obra. Así mesmo, tamén se verificou que a canle natural se viu modificada por varias actuacións augas abaixo da obra de drenaxe transversal, tamén realizadas de xeito alleo á execución das obras da variante.

Tendo en conta o indicado, cómpre sinalar que o muro de 30 cm á saída da obra de drenaxe transversal 0.8 se executou a petición dos veciños e só ten o obxectivo de regular unha pequena parte do caudal cara o canal de rego, e en ningún momento se proxectou coa finalidade de conter as augas á saída da obra de drenaxe transversal, senón que debe permitir o correcto desaugue en caso necesario. Así mesmo, realizáronse varias modificacións por parte de terceiros á canle natural augas abaixo da obra de drenaxe transversal 0.8, alleas á construción da Variante de Vilagarcía, e que afecta ao desaugue natural da conca vertente, polo que se considera que os posibles problemas que se poidan orixinar por estas actuacións non son atribuíbles á construción da Variante de Vilagarcía.

A Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia inicialmente, e da Axencia Galega de Infraestruturas, está a investigar a situación co obxecto de avaliar cales son as medidas con respecto das modificacións realizadas por terceiros na canle natural polo que discorrían as augas, e que provocan os problemas obxecto desta pregunta."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 MAI. 2015
Núm. 37408

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1081

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34797,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Rodas Chapela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego para esclarecer a procedencia das verteduras de hidrocarburos que se veñen producindo na ría da Coruña, as medidas adoptadas para evitar o seu impacto na actividade das persoas mariscadoras e as que vai levar a cabo para compensar as perdas derivadas dos peches cautelares, así como o prazo para a posta en marcha dun plan integral de saneamento da ría do Burgo"**, (publicada no BOPG número 434 do 23 de marzo de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Consellería do Medio Rural e do Mar,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través do Plan de Control de Vertidos, está levando a cabo campañas de inspeccións na ría de A Coruña, especialmente nos concellos de Cambre, Oleiros, Culleredo e A Coruña. Entre os anos 2014 e 2015 leváronse a cabo máis de 140 inspeccións e máis de 50 tomas de mostra. Nese proceso tomáronse mostras nos puntos de vertido identificados e noutras zonas, co fin de detectar posibles novos aportes.

En relación ás medidas postas en marcha para evitar que se produzan situacións como a referida na pregunta, hai que indicar que a principios do ano 2015, a Xunta estableceu un grupo de traballo entre as distintas administracións con competencias na materia e na zona: Augas de Galicia, Intecmar, Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Autoridade Portuaria da Coruña e Seprona. Posteriormente, incorporouse tamén o Concello da Coruña.

Este grupo de traballo reuniuse en varias ocasións, para valorar o asunto, expoñer a problemática e poñer en común os datos dispoñibles. Ademais, intensificáronse os controis na zona.

Con esta información, os investigadores deberán correlacionar todos os datos e extraer as certezas que permitan determinar con total seguridade a orixe desta situación e, polo tanto, as responsabilidades de toda índole e as compensacións por danos causados, de acordo co principio de quen contamina paga.

Os controis que está realizando o Intecmar e Augas de Galicia, son capaces de detectar rapidamente, de forma case inmediata, calquera alteración nos parámetros que se analizan en vianda e na auga, polo que se evitan problemas de calidade no marisco comercializado. O obxectivo é que o marisco que se consuma sexa o mellor, cumprindo todos os requisitos de calidade esixidos pola lexislación vixente. Para reforzar esta garantía, en 2012 a Comisión Europea modificou os niveis máximos legais de hidrocarburos en mostras de moluscos, reducíndoos á metade, sendo polo tanto uns niveis máis restritivos que os que había hai anos.

Por outra banda, sinalar que Augas de Galicia levou a cabo un plan de saneamento local nesta ría, no que se investiu máis de 1 millón de euros. Nel recóllense actuacións para mellorar os sistemas de saneamento en tempo de chuvia e a eficiencia enerxética das instalacións existentes, recollendo investimentos por máis de 5 millóns de euros, que se executarán no novo período operativo de fondos europeos 2014/2020.

Lembrar, ademais, que a Xunta de Galicia fixo un traballo exhaustivo de control de verteduras e de obras para a eliminación das verteduras contaminantes desde terra á ría, achegando case 100 millóns de euros nas distintas actuacións de saneamento levadas a cabo nos últimos anos.

Por último, indicar que as competencias en canto á protección ambiental do mar (vertidos efectuados de mar ao mar) correspóndelle á Administración Xeral do Estado.

Ademais, a Consellería do Medio Rural e do Mar engade:

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño, Intecmar, estableceu dende o 9 de marzo de 2015 o peche cautelar ao marisqueo na ría da Coruña. Fíxoo debido á presenza de niveis de hidrocarburos nas mostras realizadas en distintas áreas do litoral coruñés. O Intecmar avisou xa o sábado anterior aos mariscadores para que non saíran a faenar.

A Xunta púxose a disposición do sector para poñer todos os seus medios e así axilizar a recollida de mostras, co obxectivo de facilitar o regreso á actividade canto antes e investigará a orixe da contaminación.

A maiores, o pasado día 9 de marzo, pola tarde as conselleiras de Medio Rural e de Mar e de Medio Ambiente reuníronse con representantes das confrarías da zona co fin de facer fronte común e localizar a orixe do problema.

Tendo en conta que no ano 2014 se detectaron picos estacionais con valores elevados, a Xunta estableceu un grupo de traballo entre as distintas administracións con competencias na materia e na zona que xa se reuniu para valorar o asunto, expor a problemática e investigar a súa orixe.

Por outra banda, cabe ter en conta que en setembro de 2012 a Comisión Europea modificou os niveis máximos legais de hidrocarburos en mostras de moluscos reducíndoos á metade, sendo polo tanto máis restritivos.

A situación remitiu e os mariscadores puideron faenar dende o 1 abril de 2015."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 MAI. 2015
Núm. 37409

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1082

AG/ms

En relación coas preguntas con resposta escrita **núms:** 35641, 35642, 35643, 35644, 35645, 35646, 35647 ,35648 formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **"o estado en que se atopa o orzamento e o cadro de persoal da Axencia para a Xestión Integrada, a Calidade e a Avaliación da Formación Profesional; O estado do Consorcio Oncolóxico de Galicia, as entidades que participan no seu financiamento e a participación do Goberno galego; e, o das empresas Sotavento Galicia SA, a Fundación Sotavento, os datos referidos ao seu financiamento e o seu cadro de persoal, así como a valoración polo Goberno galego dos seus resultados; A participación da Xunta de Galicia na Fundación Camilo José Cela e a valoración do seu funcionamento; A participación da Xunta de Galicia no accionariado da empresa Estación de Inverno de Manzaneda, SA; e na Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia. Finalmente, as actuacións previstas polo Goberno galego perante o Goberno central para resolver a situación xerada pola tributación das pensións das persoas emigrantes retornadas"** (publicada no BOPG 443, do 7 de abril de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"As respostas a estas preguntas, pódense complementar coa resposta que deu o pasado 30 de abril na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, a directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, á pregunta oral en comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia con número de rexistro 32530.

Ademais, a Xunta de Galicia foi a primeira administración pública do Estado en abordar a racionalización da súa administración paralela. Comezouse analizar o funcionamento dos entes públicos no ano 2009 e hoxe, a práctica totalidade do noso sector público autonómico foi sometido a procesos de auditoría e análise a través de 3 Plans de racionalización da administración instrumental aprobados nos anos 2010, 2012 e o pasado mes de setembro deste ano 2014.

En total, a Xunta de Galicia actuou sobre 160 entidades, con mandato de supresión sobre 96 entes e de mellora sobre 64, converténdonos así na primeira Comunidade en revisar e someter a exame todos os entes instrumentais no noso sector público autonómico. Das 96 supresións totais previstas, un total de 71 están xa culminadas.

Con respecto ás preguntas concretas que se formulan, respóstase a continuación para cada un dos entes referenciados:

**1. Axencia para a Xestión Integrada, a Calidade e a Avaliación da Formación Profesional (pregunta nº 35641)**

A Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional foi creada pola lei 3/2002, do 29 de abril de medidas de réxime fiscal e administrativo (DOG Núm. 84 xoves, 02 de maio de 2002).
Non obstante, dito ente non tivo en ningún momento desenvolvemento orgánico, polo que a súa creación non tivo eficacia na práctica.

Tendo en conta o anterior e o feito de que a a maioría das competencias deste ente atribúense á Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a Xunta de Galicia acordou a extinción deste organismo no marco do III Plan de Avaliación de entidades dependentes aprobado o pasado 19 de setembro de 2014, a través da aprobación do correspondente decreto de extinción que na actualidade se está a tramitar.

**2. Consorcio Oncolóxico de Galicia (pregunta nº35642)**

A constitución do Consorcio Oncolóxico de Galicia e a aprobación dos seus estatutos foi realizada polo Decreto 141/2008, de 19 de xuño, no que se recolle que está integrado pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (representada pola Consellería de Sanidade), polo Servizo Galego de Saúde, pola Fundación Centro Oncolóxico Rexional José Antonio Quiroga y Piñeiro e polo Concello da Coruña.

De acordo co devandito Decreto, no que atinxe á Xunta de Galicia, a Consellería de Sanidade colabora na determinación das políticas sanitarias do Consorcio a través dun contrato-programa, tras a correspondente negociación co mesmo e os seus integrantes, mentres que o Servizo Galego de Saúde contribúe co financiamento necesario para a prestación da asistencia sanitaria e subscribe o contrato programa co consorcio, instrumento que permitirá vincular a financiamento do mesmo cos criterios de planificación do Servizo Gallego de Saúde e as necesidades dos usuarios.

**3. Sotavento Galicia, S.A. e a Fundación Sotavento (pregunta nº 35643)**

Sotavento Galicia S.A. atópase desenvolvendo con normalidade a súa actividade, cun patrimonio saneado. Pola súa banda, a Fundación Sotavento Galicia neste ano 2015 está traballando para conseguir manter uns niveis de actividade similares aos dos exercicios anteriores no eido da actividade divulgativa, tendo en conta as dificultades para obter patrocinios.

Sotavento Galicia, S.A. espera obter para este exercicio 2015 uns ingresos de 1,34 millóns de euros procedentes da venda no mercado eléctrico da enerxía xerada no seu parque eólico. A Fundación Sotavento Galicia ten un orzamento para este 2015 de 10.000 euros.

En relación ao persoal, Sotavento Galicia, S.A. ten en plantilla 6 traballadores, dos cales dous están a tempo parcial, mentres que a Fundación Sotavento Galicia non ten persoal ao seu cargo.

**4. Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións (pregunta nº 35644)**

A Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións está participada nun 36,20% pola Xunta de Galicia. Ademais, está participada, por unha banda, polas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo; e, por outra, polas entidades do sector empresarial Fundación R, Egatel, S.L., Sistemas Integrados de Servicios de Telecontrol, S.L., Televés, S.A, Tredess 2.010, S.L., Arantia 2.010 S.L., Arteixo Telecom, S.A, Tele2 Telecomunication Services, S.L., Indra Sistemas S.A., Telefónica España, S.A. e Ineo - Asociación Multisectorial de Nuevas Tecnologías de la Información y Comunicación.

**5. Fundación Camilo José Cela (pregunta nº 35645)**

Trátase dunha Fundación Publica Autonómica, como consecuencia dun financiamento por parte da Xunta superior ao 50%. Tamén participan no seu financiamento o Concello de Padrón e a Deputación da Coruña.

No ano 2012 aprobouse unha senda financeira que se está a cumprir sen que se teñan producido perdas.

A Fundación dá cumprimento ás misións de difusión e conservación do legado do autor, sendo o feito mais significativo a celebración do seu centenario no vindeiro 2016, no que realizará unha exposición en Galicia e Madrid.

O financiamento da Xunta nos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ascende neste ano a 257.294 euros anuais, contía que se ven repetindo dende os últimos 3 anos.

**6. Estación de Inverno de Manzaneda, S.A. (pregunta nº 35646)**

A participación da Administración autonómica no capital da Sociedade Estación de Invierno de Manzaneda, S.A. ascende a 28.800 €, equivalente ao 48% do seu accionariado. É de titularidade da Axencia de Turismo de Galicia, trala operación de redución de capital a cero e simultánea ampliación aprobada pola Xunta Xeral da empresa o 28 de xuño de 2013.

Non obstante, o Consello da Xunta de Galicia acordou na súa reunión do pasado 23 de abril de 2015 autorizar á Axencia de Turismo para allear á Deputación Provincial de Ourense trescentas trinta e seis (336) accións da sociedade Estación de Inverno de Manzaneda, S.A. (MEISA), por importe de oito mil catrocentos euros (8.400,00 euros). Materializada esta transmisión, a participación da Xunta de Galicia é dun 34%.

**7. CESGA (pregunta nº 35647)**

A Fundación CESGA está participada nun 70% pola Xunta de Galicia e un 30% polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

## 8. Fundación Galicia-Europa (pregunta nº 35648)

A Fundación Galicia Europa (FGE) mantén a fórmula de partenariado público –privado. No seu padroado, ademais da Xunta de Galicia, están algúns dos axentes máis destacados da economía galega (Abanca, Cámaras de Comercio, Consorcio da Zona Franca de Vigo e dúas deputacións), o que dá exemplo da pluralidade á que se debe a Fundación. Ademais, isto permite á Xunta de Galicia compartir os custes que representa esta entidade.

A FGE ten previsto un orzamento de 711.190,76€ para 2015. Os ingresos totais correspondentes ás cuotas dos afiliados, tanto do sector público como do privado ascenden a 635.552,76 €, segundo o seguinte desglose:

PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS EN 2015 :

| INGRESOS | Importe total |
|---|---|
| Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio | |
| Vendas e prestacións de servizos das actividades propias | 47.500,00 |
| D. Xeral de Xuventude | 42.500,00 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 5.000,00 |
| Ingresos ordinarios das actividades mercantís | 42.738,00 |
| Aluguer oficina | 42.738,00 |
| Subvencións do sector público | 583.953,50 |
| Xunta de Galicia | 540.417,00 |
| Consorcio Zona Franca de Vigo | 13.536,50 |
| Deputación da Coruña | 15.000,00 |
| Deputación de Lugo | 15.000,00 |
| Achegas privadas | 51.599,26 |
| ABANCA | 45.000,00 |
| Cámaras de Comercio | 6.599,26 |
| Outros tipos de ingresos | |
| TOTAL INGRESOS PREVISTOS | 725.790,76 |

No seus 27 anos de existencia, a Fundación Galicia Europa ten amosado ser un instrumento moi útil, tanto para a Xunta como para a sociedade galega. Entre as súas

tarefas están o desenvolvemento, xunto co Goberno, de estratexias a longo prazo para a defensa dos intereses de Galicia na UE; o asesoramento ao Goberno en cuestións urxentes, prover información sobre a participación galega en asuntos comunitarios ou formar a bolseiros en temas comunitarios."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2015
A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 MAI. 2015
Núm. 37393

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1066

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35709,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xustificación da diferenza existente entre o concedido e o pagado en diversas "operacións por beneficiario" do programa operativo Feder 2007-2013 aprobadas en Galicia, a reclamación desa cantidade polo Goberno galego ou, se é o caso, as previsións ao respecto"**, (publicada no BOPG número 443 do 7 de abril de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"Se ben as operacións ás que alude a pregunta están encadradas no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013, cómpre sinalar que a súa xestión corresponde a distintos organismos da Administración Xeral do Estado, en razón ás súas competencias.

Cando se aproban os fondos Feder faise con previsións realizadas sobre orzamentos de licitación das obras, sen contar co orzamento de adxudicación. Os fondos que restan tras a adxudicación (as diferenzas entre as últimas previsións de gasto e o montante concedido para cada actuación) poden reasignarse a outras actuacións do mesmo programa operativo.

Lembrar, ademais, que parte das actuacións ás que se refire a pregunta aínda están en execución, polo que as cantidades finais executadas coñeceranse ao remate das obras."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 MAI. 2015
Núm. 37410

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAI. 2015
SAÍDA
Num. 1083

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35935**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"o anuncio pola Xunta de Galicia do inminente inicio das obras da vía de conexión do polígono industrial de San Cibrao coa autovía A-52, o estado de tramitación administrativa do proxecto e o prazo previsto para o seu remate, así como a súa incidencia nas actuacións incluídas no plan de infraestruturas supramunicipais de Ourense e a alternativa elixida para o seu trazado"**, (publicada no BOPG número 449 do 16 de abril de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"Nestes momentos está en fase de redacción o proxecto de trazado e impacto ambiental da vía de conexión da A-52 co polígono industrial de San Cibrao das Viñas, treito A-52 - N-525. Posteriormente, someterase este proxecto de trazado e o estudo de impacto ambiental a información pública e informe das administracións afectadas en materia de estradas, así como a información pública en materia de impacto ambiental e de expropiacións. Tras estes trámites, de inmediato procederase á redacción do proxecto de construción.

A actuación foi incluída na programación do novo Programa Operativo dos fondos FEDER, e para a súa execución disporase dunha partida de 15 M€ de fondos europeos. Así mesmo, forma parte das actuacións previstas no Plan Sectorial da Rede Viaria de Ourense e a súa Área de Influencia, que foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de outubro de 2014.

O proxecto de trazado tratará de deseñar un trazado compatible coa estrutura territorial da vía que se debe atravesar."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

**BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**
**ESTRUTURA**

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

- 4.1. INFORMACIÓNS
- 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727